



Memoria final do departamento de
Xeografía e Historia
(curso 2021-2022)
IES A Xunqueira II
Pontevedra

Asdo. A xefatura de departamento.
D. Jorge Potel Torres





Índice

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.....	3
2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.....	3
3. Propostas para a revisión de:.....	5
1. A programación didáctica para o curso seguinte.....	5
2. A concreción curricular.....	5
4. Funcionamento do departamento.....	6
5. Composición do mesmo.....	6
6. Temas máis importantes tratados nas reunións.....	6
1. Setembro.....	6
2. Outubro.....	6
3. Novembro.....	6
4. Decembro.....	6
5. Xaneiro.....	6
6. Febreiro.....	7
7. Marzo.....	7
8. Abril.....	7
9. Maio.....	7
10. Xuño.....	7
7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.....	7
8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave.....	8
9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL.....	8





1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.

A única modificación destacable foi o cambio nos criterios de avaliación que implicou a entrada en vigor da nova LOMLOE, aprobado na reunión de departamento de marzo e incluído nunha addenda á programación: na ESO *a nota definitiva será a media das tres avaliacións trimestrais; o alumnado que non logre acadar unha media de 5 terá a opción de recuperar a materia nunha proba ou probas teóricas nas que entrarán os contidos correspondentes. Durante as semanas que median entre a 3ª avaliación e a final realizaranse actividades de apoio, reforzo, ampliación e tutoría para todo o alumnado.* En bacharelato aplícase o mesmo criterio pero o alumnado non logre acadar unha media de 5 terá a opción de recuperar a materia na avaliación extraordinaria.

2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

materia/curso	grupo	aprobados (%)	suspensos (%)
Xeografía e Historia (1º ESO)	A	13 (46%)	15 (54%)
	B	16 (57%)	12 (43%)
	C	26 (87%)	4 (13%)
	D	23 (77%)	7 (23%)
Xeografía e Historia (2º ESO)	A	17 (74%)	6 (26%)
	B	23 (77%)	7 (23%)
	C	24 (80%)	6 (20%)
	D	26 (87%)	4 (13%)
Xeografía e Historia (3º ESO)	A	18 (95%)	1 (5%)
	B	25 (89%)	3 (11%)
	C	20 (67%)	10 (33%)
	D	22 (73%)	8 (27%)
Xeografía e Historia (4º ESO)	A	19 (66%)	10 (34%)
	B	14 (48%)	15 (52%)
	C	23 (96%)	1 (4%)
	D	18 (78%)	5 (22%)

Resultados ESO

Os resultados na ESO son realmente positivos con cifras de aprobados que, na maioría dos casos supera o 70/80% de aprobados. Só cinco grupos (1º ESO A e B, 3º ESO C, e 4º ESO A e B) quedan por debaixo desas cifras. Os motivos hai que buscalos moitas veces no alto absentismo escolar (non sempre xustificado, alumnado que deixou de acudir ao centro pero non cursou baixa), na falta de traballo e estudo durante o curso (caso de 4º ESO especialmente, onde se detectan as dificultades do alumnado que provén do PMAR dos cursos anteriores) ou no baixo nivel de comprensión de certos contidos das materias (especialmente en 1º ESO). En 1º e 2º ESO foron habituais os problemas de comportamento que dificultaban a dinámica normal da aula mais, con todo e en xeral, as cifras melloran a dinámica de cursos anteriores.





materia/curso		grupo	aprobados (%)	suspensos (%)
1º bacharelato	Historia do mundo contemporáneo	C e D	21 (88%)	3 (12%)
	Análise de documentos históricos	A, B, C e D	24 (96%)	1 (4%)
2º bacharelato	Historia de España	A	100%	-
		B	48%	52%
		C	59%	41%
		D	68%	32%
Historia da Arte		C	9 (100%)	-

Resultados bacharelato

No **bacharelato** as cifras son tamén positivas; acádanse, na liña de cursos anteriores, cifras moi altas de aprobados en materias como Historia do mundo contemporáneo ou Análise de documentos históricos (onde os suspensos obedecen a casos de abandono ou absentismo). Destacan, por outra banda, o excelentes resultados de Historia da arte e de 2º de bacharelato A onde o índice de aprobados acada o 100%.

En Historia de España as cifras son semellantes ás dos anos anteriores; detrás das porcentaxes de suspensos de novo están casos de absentismo, falta de estudo, dificultades á hora da comprensión de certos contidos e que quizais teñan que ver coas *rebaixas* que nos cursos anteriores pola situación provocada pola COVID, que fixo que unha parte importante de alumnado superase o curso dun xeito excepcional. É habitual atopar en 1º de bacharelato alumnado que viña de superar a ESO con dúas materias suspensas (en algúns casos incluso Xeografía e Historia!) e que arrastraba unha serie de dificultades e de falta de hábito de traballo que en bacharelato son difíciles de suplir, máis aínda se non hai un esforzo constante ao longo do curso.

	aprobados	suspensos	NON presentados
2º ESO c/ Xeografía e Historia 1º ESO	2 (40%)	2 (40%)	1 (20%)
4º ESO c/ Xeografía e Historia 1º ESO	-	1 (100%)	-
3º ESO c/ Xeografía e Historia 2º ESO	-	1 (100%)	-
4º ESO c/Xeografía e Historia 3º ESO	5 (83%)	-	1 (17%)
Igualdade de Xénero	-	-	1 (100%)
Historia do Mundo Contemporáneo	4 (50%)	3 (36%)	1 (14%)

Resultados convocatoria pendentes

No caso das **materias pendentes** as cifras de aprobados son moito máis positivas que en cursos anteriores; son moi poucos os alumnos que non logran recuperar as diferentes materias e mesmo as cifras de *non presentados* son tamén menores ás doutros anos (en varios dos casos son alumnos que, aínda sen cursar baixa, deixaron de acudir ao centro).

convocatoria extraordinaria 2º bacharelato	grupo	aprobados	suspensos	non presentados
Historia de España	B	-	13 (81%)	3 (19%)
	C	-	9 (90%)	1 (10%)
	D	-	5 (56%)	4 (44%)
Historia do mundo contemporáneo (pendente)	C	-	3 (75%)	1 (25%)

Resultados convocatoria extraordinaria 2ºbacharelato

Semella que o adianto da convocatoria extraordinaria ao mes de xuño non favorece a mellora dos resultados; mantéñense de novo cifras elevadas de *non presentados* e os resultados son moi pobres. Ningún dos alumnos logrou recuperar a materia; varios entregan o exame en branco ou escriben varias páxinas pero con graves





erros e incongruencias, acadando uns resultados alarmantemente baixos, moi lonxe do aprobado. As porcentaxes de *non presentados* superan ás de cursos anteriores e deixan entrever un abandono da materia, sobre todo se se ten en conta que nas últimas semanas do curso, tras a avaliación final, non acudiron á aula para realizaren actividades de repaso e/ou de mellora.

Os cambios nas datas de avaliación supuxeron un verdadeiro caos organizativo no centro durante o mes de xuño con alumnado na aula que xa superara as materias e co que resultaba moi difícil continuar traballando e manter unha dinámica axeitada na aula. Déronse situacións nas que apenas unha pequena parte do alumnado tiña que facer probas de recuperación e o resto da aula adoptaba conductas disruptivas que entorpecían o decorrer normal das clases. Solapáronse actividades complementarias e extraescolares coas propias actividades de reforzo e ampliación e boa parte do alumnado non estaba na aula ben por motivos debidamente xustificadas ou, na maioría dos casos, sen ningún tipo de xustificación. Deste xeito a melloría dos resultados da 3ª avaliación á final é só relativa; no caso de bacharelato o adiamento da convocatoria extraordinaria de setembro a xuño deixa un moi pobre resultado e ningún dos alumnos presentados recupera a(s) materia(s) suspensa(s).

3. **Propostas de revisión.**

Partindo das análises feitas neste curso nas reunións do Departamento e das recomendacións feitas dende inspección educativa, hai varias propostas de revisión para o próximo curso.

1. **A programación didáctica para o curso seguinte.**

- Optimizar a temporalización. Cómpre axustar os tempos especialmente en Historia de España de 2º de bacharelato, na que é moi difícil abarcar un temario tan extenso en só tres sesións á semana. No resto das materias é difícil tamén un temario excesivamente amplo. Neste curso, ademais, houbo varias substitucións do profesorado, o que dificultou seguir con normalidade a dinámica prevista inicialmente na aula.

- Coidar o apartado de criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado para a súa adaptación á LOMLOE tras a modificación realizada no tramo final deste curso.

- Traballar as rúbricas para as diferentes materias do departamento.

2. **A concreción curricular.**

Haberá que prestar especial atención aos cambios derivados da entrada en vigor da LOMLOE nos cursos impares.





4. Funcionamento do departamento.

Foi correcto en todo momento destacando a coordinación entre o profesorado que impartía a mesma materia en diferentes grupos ou o seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Á hora de tomar decisións nas reunións do departamento foi sempre doado chegar a acordos por consenso.

Con todo, houbo varias substitucións de profesorado o que dificultou continuar normalmente coa dinámica de aula e cumprir coa temporalización prevista inicialmente. Aínda que os desaxustes non foron graves, no terceiro trimestre foi difícil abordar a totalidade do temario. No caso de 3º ESO C e D e 4º ESO C só se puido realizar unha proba teórica o que maquillou, en certa medida, os resultados dos trimestres anteriores.

5. Composición do mesmo.

A composición inicial do departamento viuse modificada xa desde o arranque do curso cando J. Carlos Quintana Álvarez se encargou de media xornada de Esmeralda J. Gómez Calviño, asumindo a docencia de varios grupos de 2º ESO e 1º de bacharelato xa ata o remate do curso.

Houbo varias substitucións ao longo do curso: J. Carlos Quintana Álvarez disfrutou dun permiso de paternidade nos meses de febreiro a marzo e foi substituído por Guillermo Sorribas Piñeiro. Jorge Potel Torres foi tamén baixa polo mesmo motivo nos meses de abril e maio, substituído inicialmente por Carlos Cerviño Iglesia e este, á súa vez, por Manuel González Castro. No tramo final do curso Antolín Gómez Fernández foi baixa por enfermidade e substituído M^a Victoria Martínez Rodríguez xa ata o final do curso.

6. Temas máis importantes tratados nas reunións.

A revisión do grao de cumprimento da programación -especialmente a temporalización-, a preparación e o comentario dos temas abordados nas reunións da CCP ou a avaliación do proceso de ensino e práctica docente foron temas que se trataron de xeito constante ao longo de todo o curso. No libro de actas do departamento quedan recollidos, ademais, os seguintes temas e acordos:

1. Setembro.

- Reparto das materias entre o profesorado (e posterior redistribución)
- Revisión da programación didáctica previa ao seu envío

2. Outubro.

- Información sobre CCP

3. Novembro.

- Rexeitamento por unanimidade do establecemento dunha semana de exames en 2º de bacharelato no final de cada un dos trimestres.





4. Decembro.

- Valoración dos resultados da 1ª avaliación.

5. Xaneiro.

- Seguimento do alumnado con materias pendentes.

6. Febreiro.

- Valoración dos resultados de Historia de España (reunión extraordinaria)

7. Marzo.

- Valoración dos resultados da 2ª avaliación.
- Impartición do novo PDC pola profesora Esmeralda J. Gómez Calviño
- Modificación dos criterios de avaliación pola entrada en vigor da LOMLOE.

8. Abril.

- Oferta de materias optativas en 2º de bacharelato.

9. Xuño.

- Valoración dos resultados finais (ESO, bacharelato e pendentes)
- Libros de texto para o vindeiro curso.
- Ratificación da postura do departamento na oferta de materias optativas de 2º de bacharelato para o seu envío ao equipo directivo e ao Servizo de Inspección.
- Revisión da memoria final de departamento previa ao seu envío.
- Previsións de cara ao vindeiro curso.

7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.

Non houbo actividades organizadas polo propio departamento máis alá das propostas polo departamento de Orientación nas sesións de tutoría e a colaboración co departamento de Artes Plásticas na saída organizada á praia da Lanzada.

8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave.

Continuouse a colgar contidos das diferentes materias na aula virtual do centro (publicación de información, material de aula, actividades...), cun especial seguimento do alumnado con materias pendentes. En





canto ao desenvolvemento das competencias clave comezou a traballarse xa en todos os cursos coa súa avaliación con certa normalidade, dando continuidade ao traballo implementado no curso anterior. A valoración do traballo feito para o fomento da lectura é igualmente positiva e o peso desta na aula foi sempre importante (lectura comprensiva de textos e outro tipo de fontes documentais, esquematización e organización de información, identificación de ideas principais...)

9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL.

Respecto ao curso que vén modificaranse os libros de texto dos cursos impares, nos que se implementará a nova LOMLOE. A lista, acordada polo departamento no mes de xuño é a seguinte:

- Xeografía e Historia 1º ESO: ed. Anaya (ISBN 978-84-143-0888-2)
- Xeografía e Historia 3º ESO: ed. Anaya (ISBN 978-84-143-0892-9)
- Historia de mundo contemporáneo 1º de bacharelato: Consorcio Editorial Galego, Baía Ed. (ISBN, 978-84-9995-401-1)
- en previsión de que poida haber un grupo de Xeografía de 2º de bacharelato manteríase a oferta de Anaya (ISBN 978-84-698-1363-8).

Pontevedra, 27 de xuño de 2022

Asdo. Jorge Potel Torres

